


## O PADRE SARMIENTO E A ESTIRPE GALEGA DO POETA LUSÍADA CAMÕES

Xosé Manuel Dasilva  
*Universidade de Vigo*

*En lembranza dun serón no Rlo de  
Xaneiro, en xullo de 1997*



Non foron poucos os autores que dedicaron os seus esforzos a tratar de probar a ascendencia galega de Camões, capítulo certamente dos máis importantes na historia da variada fortuna que o grande escritor portugués ten merecido entre nós<sup>1</sup>. Unha relación de urxencia establecida por orde cronolóxica debe consignar obrigatoriamente os nomes –sen incorrer en ningunha omisión voluntaria– de José López de la Vega, Teodosio Vesteiro Torres, Ramón del Valle, José Pardiñas, Justo E. Areal, Manuel Lugrís Freire, Xosé Filgueira Valverde, Euxenio Carré Aldao, Enrique Fernández Villamil e Manuel Fernández Rodríguez. Cómpre advertir, non obstante, que todos estes estudos contan co seu principio nas investigacións pioneiras de Sarmiento, quen espaxeceu referencias abundantes a Camões ao longo da súa amplísima bibliografía tanto édita como inédita. Tantas son estas referencias, e tanta tamén a paixón que aniña nelas, que cabería mesmo afirmar, sen moita esaxeración, que o interese camoniano do erudito beneditino chegou a ser unha teima ben curiosa.

Sarmiento nunca vai perder ocasión de comentar –unhas veces de maneira académica e outras con pouca naturalidade– que o poeta de *Os Lusíadas* ten as súas orixes familiares na parte de acá do Miño. Nos seus escritos, é posible encontrar algunhas aparicións illadas de Camões doutra índole, por exemplo, tocante ao seu discutible grao de competencia etimolóxica<sup>2</sup>. A verdade, no entanto, é que unha maioría abafadora das digresións sarmentinas de asunto camoniano se centra en esmiuzar, sempre con elevado orgullo, o berce galego do escritor portugués. Así o demostra unha análise diacrónica dos seus textos, os cales brindan un catálogo de citas sobre Camões de natureza xenealóxica que está moi lonxe de se mostrar cativo. É de salientar, por outro lado, que nesta esculca por moitas das páxinas de Sarmiento resulta

Xosé Manuel Dasilva

fácil asistir, se se atende con coidado, á construción paulatina dunha tese propia encamiñada a aboar, con máis argumentos de cada vez, a hipótese de partida.

Se cadra unha das primeiras comparecencias de Camões nos escritos de Sarmiento é a que se produce nas *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles*, publicadas de forma póstuma no ano 1775, aínda que redactadas orixinalmente, por encargo do cardeal Valentí Gonzaga, entre 1741 e 1745<sup>3</sup>. Nesta obra hai unha alusión inicial a Camões que xorde da presentación do *Prohemio e Carta* dirixido polo Marqués de Santillana ao condestable don Pedro de Portugal. Foi un achado preciosísimo para un admirado Sarmiento, por canto este testemuño permitía confirmar, de modo documentado, a utilización do galego como ferramenta literaria no período medieval<sup>4</sup>. A mencionada alusión inclúese na listaxe de poetas que o frade beneditino extrae de tal testemuño a propósito de Vasco Pérez de Camoens, de quen aquí tan só se apunta –non sen deixarse de anunciar que se ofrecerán, adiante, máis pormenores– que este era galego e antepasado de Camões, conforme as informacións que o comentarista camoniano Manuel Faria e Sousa facilitaba na edición de *Os Lusadas* estampada en Madrid no ano 1639:

Despues de ellos vinieron Vasco Perez de Camoés, é Fernan Cascacio, é aquel grande enamorado Macias, del qual no se fablan sinon canciones; [...] Aquel Vasco Camoés es el mismo de quien se probará en el siglo catorce con texto de Manuel Faria Portugués, que nació en Galicia, que de allí pasó a Portugal, y que es ascendiente del famoso Luis de Camoés, Poeta tan celebrado.<sup>5</sup>

Sarmiento non falta á súa palabra e, en efecto, os detalles prometidos han aparecer expostos algúns parágrafos despois. Trátase agora dunha longa digresión que arrinca da queixa perante o feito de que non se contecía no *Nobiliario do Conde D. Pedro*, dado á luz polo mesmo Faria e Sousa, nin a máis mínima referencia á familia galega de Camões:

En este Nobiliario no hay memoria de la familia Camoés, célebre en Portugal, y de la qual descendió el famoso Poeta Luis Camoés. En el número 370 se ha visto que el Marqués de Santillana da noticia de otro Poeta, Vasco Perez de Camoés, como que él, y Fernando Cascacio, ó Cascais, eran Poetas Portugueses. De Cascais no tengo mas noticia que la que da el Marqués, y así sea enhorabuena Portugues, y Poeta. Pero Vasco Perez de Camoés ha sido Gallego, de familia, y de nacimiento, y de mayorazgo.<sup>6</sup>

Con relación á ilustre liñaxe do poeta, Sarmiento glosa particularmente o que Faria e Sousa refire sobre o asunto na súa edición de *Os Lusadas*:

No citaré para esto sino al erudito, y Poeta Portugués Manuel de Faria, el mismo que sacó el Nobiliario del Conde D. Pedro. Aquel

*O padre Sarmiento e a estirpe galega do poeta lusitana Camões*

Autor en los dos tomos en folio de sus Comentarios á las Lusiadas, ó Lusiada del famoso Camoés, pone en el primero la vida, padres, familia, obras, y muerte del dicho Poeta. Véase la página 18 del primer tomo. Allí dice que este apellido Camoés, es Gallego, y que es corrupción del apellido Caamaño, ó Caamaños. *Estos Caamaños, dice, son de la Casa de Rubianes, que es hoy el solar, y su mayorazgo, entre Pontevedra, y Villa-García.*

Prosigue despues así: *En Portugal tiene principio la familia de este apellido (con alguna corrupción, pues decimos Camoens) en Vasco Perez de Camoens, que desde Galicia pasó a servir al Rey D. Fernando de Portugal el año de mil trescientos y setenta.* Añade que el Rey le hizo Señor de muchos lugares, &c. Y allí pone su descendencia hasta el Poeta Luis de Camoés, refiriendo que su ascendiente Vasco Perez de Camoés, se salió de Galicia por cierta pendencia que allí tuvo.<sup>7</sup>

Sarmiento asevera con Faria e Sousa que Camões é de avoengo galego, pois o seu nome descendería do apelido Caamaño que Vasco Pérez de Camoens trasladou a Portugal no século XIV, tendo os devanceiros o solar en Rubiáns, entre Vilagarcía de Arousa e Pontevedra. A novidade que Sarmiento di incorporar a esta noticia —con fonte, como xa se dixo, no Marqués de Santillana— é o importante dato de que Vasco Pérez de Camoens era poeta, condición non atribuída por Faria e Sousa en ningunha pasaxe dos seus comentarios. O frade beneditino ben se encarga de destacar este dato, que é froito, como el mesmo di, de ler o que figura no *Prohemio e Carta* do Marqués de Santillana sobre a actividade lírica de Vasco Pérez de Camoens:

Faria ni siquiera por conjetura habla de este Vasco como de Poeta; pues no habia visto la Carta anecdota del Marqués de Santillana. Pues si la hubiera visto, no dexaria de hacer algunas reflexiones en mayor elogio de Luis Camoés. El Marqués de Santillana solo sabia que Vasco era Poeta; y por no estar instruido en la historia genealógica de la familia Camoens, se inclinó á que sería Portugués de nacimiento; y como aún en Portugal no era introducida, ni aun conocida aquella familia, tampoco el Conde D. Pedro hizo, ni pudo hacer memoria en su Nobiliario de este Vasco Perez de Camoés, ni como de Caballero, ni como de Poeta, pues acaso no habria nacido quando murió D. Pedro.

Por lo qual, la noticia de que Vasco Perez de Camoés nació ácia Pontevedra en Galicia, y que ha sido un celebrado Poeta del siglo décimo quarto en que estamos, se debe al acaso de haber leído yo á Faria, y la dicha Carta, y de haber combinado sus parciales afirmativas.<sup>8</sup>

Velaquí exposto, xa na altura dos anos entre 1741 e 1745 —data das *Memorias para la historia de la poesta y poetas españoles*—, os alicerces das conclusións provisionais —en comparación coa súa formulación máis tarde definitiva, diverxentes só en

Xosé Manuel Dasilva

puntos menores— ás que o estudo do apelido Camões leva a un moi satisfeito Sarmiento. Por unha parte, a localización en terras galegas —identificada coa familia dos Caamaño— da raizame do autor de *Os Lustadas*, desenvolvéndose niso as informacións fornecidas por Faria e Sousa. Por outra parte, o xenio poético do antepasado Vasco Pérez de Camoens —instalado, a mediados do século XIV, en Portugal—, utilizándose aquí a nova proporcionada polo Marqués de Santillana<sup>9</sup> no seu *Prohemio e Carta* ao condestable don Pedro de Portugal.

No que concirne a esta pescuda de Sarmiento en torno do apelido Camões —que para el constituía, como non é custoso verificar, un interese máis que anecdótico—, unha revelación valiosa vai ser a que atope, durante a súa segunda viaxe a Galicia no ano 1745 —sen tempo para a introducir, xa que logo, nas *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles* antes referidas—, nun arquivo da vila pontevedresa de Poio. Tal revelación estaba acantoada en certo *instrumento* latino procedente de Bueu, conforme se describe no *Viaje a Galicia (1745)*<sup>10</sup>, no que foi factible rexistrar unha alusión ao apelido Camões dando fe da súa antigüidade:

Habiendo registrado el verano de 1745, que estuve a recrearme en Pontevedra mi patria, los instrumentos pergaminos, así del colegio de San Juan del Poyo como del convento de Santa Clara de la dicha villa, tuve la curiosidad de copiar algunas palabras formales, que podrá dar luz para entender los nombres y valores de algunas monedas antiguas y reduciendo a los años de Cristo los de las eras de la fecha, son éstas.  
[...]

Año 1270. *Ego Ferdinandus Ruderici de Camoes filius quondam Ruderici* [...]. En instrumento de Bueu. Aquí el origen de la familia Camoes (Poyo).<sup>11</sup>

Nas páxinas do *Onomástico etimológico de la lengua gallega*<sup>12</sup> —redactado, con moita probabilidade, contra o ano 1760<sup>13</sup>—, Sarmiento incluírá outra longa digresión acerca da ascendencia galega do apelido Camões. Nesta oportunidade, o frade beneditino reitera, en termos semellantes, o que xa explicara nas *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles*. Polo demais, Sarmiento apostila as vinculacións do apelido Camões coa mazá de tipo camoés, e despois salientará que hai unha parroquia, por el mesmo visitada, na ría de Muros e Noia —preto do Porto do Son, pois tal parroquia forma parte deste concello— que responde ao topónimo Caamaño, de onde en primeira instancia derivaríala, polo tanto, o apelido do poeta portugués:

Luego, siendo cierto en las historias, que los gallegos poblaron a Portugal, como le iban libertando de *moros*, y no al contrario, es consiguiente que algún gallego del *Vasconcelos* de *Lemos* pasó a Portugal; y que haciendo allí fortuna alguno de sus descendientes fundó allí la *Torre de Vasconcelos*, y después lograse tener muy nobles enlaces. Téngase presente lo que ya dije del apellido de *Magallanes*, y lo que los

*O padre Sarmiento e a estirpe galega do poeta lusitana Camões*

portugueses, *uno ore*, afirman del apellido *Camões*, que pasó de Galicia a Portugal, por medio de un caballero *Camaño* de la casa de *Rubians y Villa García*.

Manuel Farfa en sus Comentarios de los *Lusiadas* del *Camões*, pone el motivo de ese caballero, y a lo que me acuerdo que por los años de 1376, y se llamaba Don Fernán Pérez de *Camoens*; y a esa familia atribuye Farfa el ingerto y nombre de las *camõesas* (supe después que esa excelente fruta procedió de injerir el *manzano* en un *moral*). Así se formó el nombre. De *Camaño*, nombre de la feligresía de *Camaño* en Galicia, en donde he estado, al entrar en la ría de Muros, se formó el adjetivo *camanense*, que leí en instrumento gótico. *Camanense* pasó a *camonense*, *camoense*, *camoens*, *camões* y *camoesa*.<sup>14</sup>

Mais o aspecto de maior valor, de seguro, neste novo comentario camoniano do *Onomástico etimológico de la lengua gallega* será, pese a todo, o que Sarmiento vai escribir de maneira resolta verbo do auténtico alcance do parentesco entre *Camões* e Vasco Pérez de *Camoens*. En efecto, o frade beneditino chega a afirmar, sen ningunha reserva, que o autor de *Os Lusitadas* debería, por herdanza, a aquel, alén do sangue galego, a extrema calidade da súa poesía lírica:

Pero ni Faria ni los demás portugueses, que concuerdan en todo lo dicho, tenfa noticia de que ese caballero *Camões* gallego era poeta conocido en el siglo 14. Leí que lo era en una carta manuscrita, que el marqués de Santillana escribió al Condestable de Portugal en el siglo 15. De manera que el poeta Luis *Camões*, que floreció en el siglo 16, heredó de Galicia la sangre y el numen poético, y sólo tuvo de Portugal el vilipendiar a Galicia y el ser ingrato a sus progenitores.<sup>15</sup>

Con independencia do eloxio á inspiración lírica de *Camões* —que, por certo, implica de forma moi sutil o menosprezo latente do seu célebre poema épico—, nesta cita é necesario deterse no reproche severo que Sarmiento dirixe ao autor portugués debido á súa profunda ingratitud. Non aclarará el neste momento máis, aínda que é doado adiviñar, sobre todo a partir doutros textos seus que despois se ha analizar —como, por exemplo, unha contundente digresión, de máis de cen páxinas, inserida na obra inédita *660 pliegos*—, que tal reproche obedece á presenza en *Os Lusitadas*, na décima oitava do canto IV, do ferinte verso «ó sórdidos galegos, duro bando».

Non é inoportuno, sen saír do *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, dedicar un instante, nesta orde de argumentos, a unha consideración posterior que Sarmiento engadirá sobre a tendencia dos portugueses a quererem omitir as raíces galegas de onde proveñen:

Los portugueses quieren ser *aborígenes y autóctonos*, esto es, hijos de la tierra, y que nada tienen de otras naciones. Pero, para probar esto han

Xosé Manuel Dasilva

llegado al desatino de excluir a los gallegos. Ni *lengua*, ni *nobleza*, ni *pobladores*, ni *conquistadores*, nada, nada, se les comunicó de Galicia. Y para hacer más ridículo todo cuanto embarran de papel sobre esto, dicen que todo aquello lo tomaron los gallegos de Portugal. Y en vista de esto será preciso que los portugueses sean *autóctonos* o que tomaron lo dicho de los moros del *Algarbe*, de *Guinea*, de *Angola*, de *Goa*, del *Brasil*, etc.<sup>16</sup>

En parágrafos sucesivos do *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, antes de traer a colación a semente galega de onde Camões –o primeiro poeta de Portugal– abrollou, Sarmiento ha insistir, con abondo humor, nesta propensión lusitana a ignorar todo vencello xenealóxico con Galicia:

Como [los portugueses] no pueden dar un paso adelante en lengua, *conquistas antiguas*, nobleza, etc. sin recurrir a *Galicia*, han tentado el imposible de trasplantar todo el reino de Galicia a Portugal. Si hay un solar en el centro de Galicia, cuyo apellido le hay ya en Portugal, fingen en Portugal un solar de ayer acá, por no recurrir a Galicia. Las familias del Nobiliario del Conde Don Pedro, todas son, o de Galicia, como está hoy reducida, o de Entre *Duero* y *Miño*, que ha sido, es y será siempre parte de Galicia, sin tocar en la *Lusitania*, como consta de todos los geógrafos antiguos. [...]

Si no quieren descender de gallegos busquen sus *solares* entre *Duero* y *Tajo*, y entre *Tajo* y *Guadiana*, y veremos, siendo antiguos, si son *solares* o *lunares*. No hablo de los que en Portugal se llaman *fidalgos* del *cabo de Buena Esperanza*. A los solares de esos, no tiene ni quiere tener Galicia acción alguna. La mayor parte de los demás no son sino unos cadetes de las *familias gallegas*.<sup>17</sup>

Logo de se deixar advertido que a expresión «*fidalgos del cabo de Buena Esperanza*» –en máis oportunidades empregada sarcasticamente polo frade beneditino– remite aos heroes das descubertas portuguesas ao longo da ruta marítima do Oriente, non se fai complicado, á vista deste fragmento que se acaba de reproducir, comezar a albiscar os motivos inmediatos que están na base do repetido propósito de Sarmiento por demostrar a ascendencia galega de Camões. O número de probas a prol desta ascendencia haberase ver incrementado noutra obra do noso erudito, a titulada –de modo moi ilustrativo, polo nexo evidente que suxire canto á nación dos dous grandes autores ibéricos– *Noticia de la verdadera patria (Alcalá) de el Miguel de Cervantes*<sup>18</sup>, escrita, ao parecer, no ano 1761.

Sarmiento dá aquí, efectivamente, máis testemuños que ratifican a patria galega de Camões grazas ao seu antepasado Vasco Pérez de Camoens, como son o do historiador e gramático Duarte Nunes de Leão e, por outra parte, o do tradutor ao castelán, co título *Historia Oriental de las Peregrinaciones*, da *Peregrinação* de Fernão Mendes Pinto, é dicir, Francisco Herrera Maldonado:

*O padre Sarmiento e a estirpe galega do poeta lustrada Camões*

De el mesmo pais saliò su paisano Vasco Perez de Camoes, el qual siendo gallego de 4 costados, se pasò a Portugal, y alli le heredaron, como consta del citado Duarte Nuñez folio 190. El traductor de Fernàn Mendez Pinto, dedica su obra à Manuel Severin de Faria; y le dize: que *Pedro Severin de Faria, casò con Constanza Pirez de Camoes, hija de Vasco Pirez de Camoès, cavallero gallego, que por seguir la voz del rey Don Fernando de Portugal, contra el 2º Henrique de Castilla, etc. le dio el Rey las villas de Sardoal: Gestazo, etc.*<sup>19</sup>

Sarmiento non vai perder ocasión, ademais, de alegar novamente as palabras de Faria e Sousa na súa edición de *Os Lustradas* sobre as orixes galegas de Camões. A declaración do eséxeta camoniano aprobeítaa agora o frade beneditino para vincular xeograficamente a Vasco Pérez de Camoens e a Vasco Lobeira –suposto autor da versión primixenia do *Amadts de Gaula*–, avanzando ata a conxectura, dada a proximidade de cadanseus solares matrices nas terras arouas de Vilagarcía de Arousa, de que ambos fosen parentes:

Manuel Faria y Sousa en el lugar citado, supone que el poeta *Camoès*, por *Camoes*, era gallego; y descendiente de *Vasco Perez de Camoes*, cavallero noble, nazido en Galicia, y de la casa de *Rubianes*, que hoy poseen los Marqueses de *Villa Garcia*. Rubianes esta junto a la Torre de *Lobeira*. Asi, *Vasco* de *Camoès*, y el famoso *Vasco Lobeira* eran paisanos inmediatos, acaso parientes; y coetaneos en Lisboa.<sup>20</sup>

Con respecto ao nacemento de Vasco Pérez de Camoens en Galicia, Sarmiento polemizará na mesma *Noticia de la verdadera patria (Alcalá) de el Miguel de Cervantes* co historiador portugués Diogo Barbosa Machado –autor dos catro tomos que compoñen a *Bibliotheca Lusitana*, publicados, entre 1741 e 1759, a imitación da *Bibliotheca Hispana Nova* de Nicolás Antonio, fundador da historia literaria española–. Acontece que o frade beneditino non perdoa que o mencionado Barbosa –por el acusado de notoria parcialidade– ocultase a nobreza galega de Vasco Pérez de Camoens:

Siendo puès indisputable, que el poeta *Camoès* era originario de Galicia, segun los autores portugueses: y aun segun *Barbosa*, descendiente de *Vasco Pires de Camoens*, nazido de padres tan nobles en Galicia; cómo el dicho *Barbosa*, oculta esta noble *circunstancia*?<sup>21</sup>

Polo demais, Sarmiento porá de relevo outra vez –como xa fixera no *Onomástico etimológico de la lengua gallega*– o mérito que lle corresponde por amosar a condición poética de Vasco Pérez de Camões, un detalle que non consta, segundo el mesmo subliña, nas noticias tanto de Faria e Sousa como de Barbosa Machado, no caso deste último, ao seu ver, de xeito tendencioso. Tras citar por extenso o que

Xosé Manuel Dasilva

apuntaba o Marqués de Santillana no *Prohemio e Carta* sobre Vasco Pérez de Camões, Sarmiento afirma que os galegos teñen toda a razón para se laiaeren do trato desfavorable que, co verso «ó sórdidos galegos, duro bando», Camões lles inflixiu en *Os Lustadas*. O grande escritor portugués sería, xa que logo, un fillo renegado de Galicia en tanto descendente daquel notable personaxe, que era tamén home de letras amais de nobre:

Vease aquí, como el cavallero gallego, Vasco Perez de Camoes, ascendiente del famoso poeta Luys de Camoes tambien ha sido poeta. Doscientos años casi, antes que Luys. Vea aquí Barbosa, y vean los portugueses, si sobra la razon a Galicia para quejarse del poeta Camoës; el qual, aviendo heredado sangre, nobleza, y aun el *numen poetico*, de un poeta, y cavallero de Galicia, trate a los gallegos, con el ultimo vilipendio; haziendo resaltar su *ingratitude*.<sup>22</sup>

Existen outros textos de Sarmiento que gardan contidos camonianos formulados, sen excepcións, en termos similares ao que se di nas obras xa descritas, como pode ser o manuscrito *Sobre el monasterio de Samos y otros varios de Galicia*, en parte editado por Filgueira Valverde utilizando un exemplar custodiado na catedral de Lugo<sup>23</sup>. Agás este texto, de modo paradoxal, Filgueira Valverde –excelente camonista e non menos profundo coñecedor da obra sarmentina– nunca chegaría a empregar, nas súas investigacións arredor da orixe do apelido Camões, outros textos do frade beneditino sobre a mesma cuestión. Autor de estudos desta temática que datan de moi cedo –como, por exemplo, o artigo «La oriundez pontevedresa de Camões», divulgado no *Diario de Pontevedra* a finais de 1924 e a comezos de 1925<sup>24</sup>–, Filgueira Valverde nin tan sequera complementaría o devandito manuscrito con outras fontes de Sarmiento nas sucesivas edicións, ao longo de trinta e cinco anos, do seu volume *Camoens*<sup>25</sup>, que ten un capítulo precisamente titulado «Los Camoens» moi suxestivo.

Mais o punto culminante das disquisicións de Sarmiento sobre a ascendencia galega de Camões –malia ser este un asunto que non escasas veces suscitou, como se ten podido observar, o seu interese– está, sen dúbida, na obra inédita *660 pliegos*<sup>26</sup>. Tanta importancia procede, en primeiro termo, da cronoloxía do texto, a redacción do cal comeza no ano 1762, como se di no propio título, de maneira que é posterior a todos os testemuños presentados nas páxinas anteriores. En segundo lugar, outra causa que xustifica a transcendencia dos *660 pliegos* é, no marco da dimensión enciclopédica que esta obra posúe de seu, a extensión que acadan aquí as reflexións de Sarmiento acerca de Camões, que superan sobradamente as cen páxinas.

No capítulo «Sarmiento e Galicia» do seu volume *El gran gallego*, o bispo e erudito leonés Antolín López Peláez referiuse moi superficialmente a esta obra a fin de comentar os ataques dirixidos polo frade beneditino contra Camões, Duarte Nunes de Leão e outros portugueses<sup>27</sup>:

Camões, en su maravillosa epopeya *Os Lustadas*, escribió estas palabras: [...]. Y más adelante: [...]



*O padre Sarmiento e a estirpe galega do poeta lustrada Camões*

De aquí provino la enemiga que le profesaba Sarmiento, quien le llamó poeta á lo pagano, ingrato, calumniador, soez, etc., etc. A Duarte Núñez, que habló mal de los «antiquísimos reyes» de Galicia, le calificaba de ignorante e injuriador, y á los demás escritores portugueses que emplearon su pluma en echar borrones sobre el buen nombre de Galicia, les aplica el de grajos graznadores. Y no contento con refutar por sí mismo las injurias profesadas contra Galicia por escritores de Portugal, excitaba á los gallegos celosos de su patria, á que tomasen la pluma para rebatir las calumnias que se hallan en libros de portugueses.<sup>28</sup>

Hai que lembrar, á súa vez, unha aproximación de marcada arbitrariedade lusófila –e por iso non moi aceptable– a estas páxinas por parte de Freitas Carvalho, realizada grazas a que José Luís Pensado lle fornecera unha copia do correspondente manuscrito, segundo aclaración do propio estudoso<sup>29</sup>. Hai que deixar constancia, finalmente, de que Extremera Tapia tamén tivo en conta algunhas palabras de Sarmiento –postas á súa disposición precisamente por nós– nun estudo a propósito da fortuna en territorio español do famoso verso galegófono de Camões, edulcorado xa nas primeiras traducións de *Os Lustradas* ao castelán, de finais do século XVI, para suavizar a súa belicosidade<sup>30</sup>.

Débase indicar que, no mesmo prólogo dos 660 *pliegos*, se confesa a motivación que deu lugar a que Sarmiento se ocupase aquí tan dilatadamente de Camões, posto que a obra fora concibida en orixe para outra finalidade ben distinta<sup>31</sup>. Véxase o que se di neste prólogo:

Trata largamente de la abundancia y pureza de la lengua gallega, y con motivo de haber llamado Camões en sus *Lusiadas* sórdidos a los gallegos, y Faria en el comento de ellas interpretado la voz cautos, que los atribuye el primero, por traidores; da contra los portugueses ridiculizándoles en extremo sus baladronadas, haciendo una rigurosa crítica de las *Lusiadas*, y manifestando que si algo de bueno tienen los portugueses, y su lengua, todo lo deben a Galicia [...].<sup>32</sup>

O propio Sarmiento, no transcurso da obra, confesará en ton moi irado aquilo que provocou o empeño fervente por se referir a Camões nos 660 *pliegos*:

Yo también soy un sórdido gallego, y me sobra sordidez para comentar, y deshacer en polvo, todo el sórdido poema del Camoes o camoes, y todo el sórdido comento del sórdido camueso Faria, si ese sórdido asunto mereciese ese trabajo (parág. 4991).

Por se aínda houberse algunha dúbida, téñase en conta o que Sarmiento ha dicir cando remate de falar do autor de *Os Lustradas*:

Xosé Manuel Dasilva

La soez ingratitud del Camoes [...] a su origen, sangre, nobleza, y, aún como dije después, a su numen poético, heredado todo de Galicia, tratando de sórdidos a los gallegos, y la atraidora insolencia de Faria en tratar a los gallegos de traidores, han dado motivo para que mi pluma se detuviese en manifestar quienes eran los sórdidos y traidores. Si los gallegos, o los portugueses (parág. 5114).

A atención que Sarmiento presta a Camões nos 660 pliegos é, como antes se anunciou, demorada, e constitúe, sobre todo, unha valoración crítica moi persoal de *Os Lusadas*. Tal valoración caracterízase polo seu carácter heteroxéneo, non carente de acentos mesmo de virulenta diatriba. De feito, as referencias específicas á ascendencia galega do poeta unicamente representan un aspecto entre outros moitos, todos os cales reclaman con urxencia un estudo independente.

A primeira alusión nestas páxinas á liñaxe camoniana prodúcese con motivo do propósito de Sarmiento de fundamentar que Vasco Lobeira –discutido autor do primeiro *Amadís de Gaula*– era de caste galega. O frade beneditino expón datos xa coñecidos por apareceren noutras obras súas, como a explicación etimolóxica do apelido Camões, a evocación do *instrumento* latino de Poio afiuzando a súa antigüidade, o quefacer de Vasco Pérez de Camoens como poeta ou o desagradecemento de Camões por imputar aos gallegos –a quen lles debería, a fin de contas, o estro lírico– o apelativo aldraxante de «sórdidos». Ata agora ningunha achega que sexa novidade, por conseguinte, a non ser un ton crecente de indisimulada carraxe:

La voz Camoens se formó así. En la feligresía de San Juan de Caamaño (en donde he estado), hacia Corrubedo, en Galicia, hubo una abadía, de cuyo abad leí una firma: *abbas camanensis*. De ahí, camonense: camoens, y al fin camoes; y aun por la analogía, debía pasar en camos. De esta analogía, hay ejemplo en el monasterio de Samos. Del origen samanos, se formó samanense: samonense, y en tiempo de D. Alfonso el Sabio, se llamó Samoes; y finalmente, Samos. Cuando Vasco Pérez Camoens salió de Galicia, solo se llamaba Camoes, lo cual se prueba con una firma que leí en el Archivo de Poyo, paseo de Pontevedra, que dice así, el año de 1270, 100 años antes que Vasco Perez saliese de Galicia: [...]

Este texto da mucha luz para adelantar la ascendencia gallega del Camoes, que no se halla en los portugueses; y en prueba de que estos corrompieron la lengua gallega, pues pasando a Portugal, pura y suave, la voz Camoes, allá la hicieron áspera Camoens. Otra singularidad tiene Vasco Perez de Camoes, que acaso solo yo la sé. Ésta es, que ese Vasco Perez de Camoes era poeta, cuando pasó a Portugal, lo que consta de una carta manuscrita del marqués de Santillana escrita al conde o infante D. Pedro de Portugal. En esto se ve que el poeta Camoes heredó de Galicia, y de las vecindades de Pontevedra, la sangre, nobleza y

*O padre Sarmiento e a estirpe galega do poeta lusada Camões*

el numen poético. Y puso de su casa la sórdida ingratitud, a su origen en Galicia, diciendo de Galicia, y de los gallegos, muchas vaciedades, con que emporcó sus *Lusiadas* (parágs. 4836-4837).

A segunda mención nos *660 pliegos* á ascendencia galega de Camões aparece, un pouco máis adiante, na afoutada réplica de Sarmiento ao verso «ó sórdidos galegos, duro bando». Logo de tratar de reconstruír algúns elos da cadea familiar que conduciría ata Camões, e de lembrar –con apoio no historiador e xenealoxista agostíño Frei Felipe de la Gándara– o apunte lexicográfico de que «camoés» é un tipo de mazá enxertada<sup>33</sup>, o frade beneditino concluirá, de forma taxativa, o seguinte:

Asentado ya el origen de la familia Camoes, y de la manzana camoesa, o camuesa [...], tenemos al poeta Camoes gallego noble, aunque con una sórdida ingratitud a su origen (parág. 4987).

Con aceirada causticidade, Sarmiento non se esquece de sobrancear que o sórdido final de Camões –condenado á miseria polos seus propios conterráneos lusadas– non cadra ben coa nobreza do sangue galego que corría polas súas veas:

Párome sí en que, poniendo Faria al Camoes una genealogía de tan ilustres y ricos parientes, llegase a tal miseria, pobreza y sordidez que viviese en Lisboa sórdidamente de limosna. Que sórdidamente enfermase en el hospital, y que tan sórdidamente muriese que, a no ser por un caballero, que dio una sábana para que le enterrasen, le hubieran enterrado con sus andrajos y sórdidos vestidos (parág. 4988).

No mesmo sentido, Sarmiento lanza esta admonición que, por outra banda, reflicte unha vez máis a motivación capital que propiciaba os seus ríspetos comentarios camonianos:

Antes bien [Camões] experimentó mil desastres de la fortuna que le redujeron a la suma miseria y sordidez. Así acaba su epitafio: *Viveu pobre, e miseravelmente, e assim morreu*. Es de notar que ni aún *requiescat in pace* se grabó en su epitafio. Por mi, *requiescat in pace*. Amén. Y aprendan aquí los que hubiesen de decir o escribir algo de la nación gallega a no tratar de sórdidos a sus naturales, pues paran en vivir y morir tan sórdidamente como el Camoes, y que no haya quien les diga, siquiera por amor de Dios, un *requiescat in pace* (parág. 5011).

Chega o momento, logo dos nutridos textos con reminiscencias de Camões ofrecidos nas páxinas anteriores, de tentar explicar definitivamente o interese de Sarmiento pola estirpe galega do autor de *Os Lusadas*. Para tal fin, débese aceptar, en primeiro lugar, que todas as súas anotacións camonianas –susceptibles de seren

Xosé Manuel Dasilva

obxecto de matización, ou ata de indispensable corrección desde un ángulo máis científico— non responden a un simple prurito de natureza erudita. Polo contrario, é pouco difícil decatarse, a partir das palabras do frade beneditino, de que a obsesión por sustentar finchadamente a galegitude de Camões nace do desleigamento que se manifesta no inxurioso verso «ó sórdidos galegos, duro bando».

Talvez neste decasílabo o escritor portugués só se deixase levar, no canto de escoller un adxectivo máis referencial e menos doloroso aplicado aos galegos, pola ansiedade de inserir, con vontade despreocupada, outra influencia clásica máis entre as moitas que acugulan o seu impresionante poema épico, en concreto un anaco do humanista Nicolau Cleonardo que reza así: *Saeptius apud nos traducta fuerat Galecia, ob illuviem et nescio quas diversorum sordes (Epistolarum libri duo, 1566)*<sup>34</sup>. Como é evidente, non carecería de ironía a circunstancia de que o vexatorio adxectivo co que Camões denigra os galegos en *Os Lusíadas* fose suxerido por un autor flamengo —esta era a orixe de Nicolau Cleonardo—, que se estableceu en Portugal no ano 1533 convidado polo rei D. João como mestre do Infante D. Henrique.

Sexa como fose, e á marxe daquel obxectivo que se acaba de indicar, débese comprender que a fixación de Sarmiento polo apelido camoniano, intensa e duradeira, tiña como móbil principal o insubornable desexo de repeler todas as agresións á identidade galega, desbaratando con vehemencia eses ataques como se os recibise en carne propia. Non se salvaban niso nin os veciños lusos, como o mesmo Sarmiento, máis alá do sórdido verso de Camões contra os galegos, haberá escribir amargamente nalgunha páxina dos *660 pliegos*:

[...] qué ingratos a los que los libertaron del yugo pesado de los sarracenos, que les comunicaron la fe católica, les introdujeron su lengua cristiana, y les poblaron el país, arraigando en él su nobleza. Escriben de apuesta mil vaciedades contra Galicia, contra los gallegos y contra su lengua (parág. 4778).

*O padre Sarmiento e a estirpe galega do poeta luslada Camões*

NOTAS

1. Vid. Xosé Manuel Dasilva, «Camões interpretado por Otero Pedrayo: unha conferencia (1940) en galego e un artigo (1953) en portugués», *Grial*, 150, 2001, pp. 165-203.
2. É o que Sarmiento fai na súa *Colección de voces y frases gallegas*, a propósito das palabras «geito» e «engeitar»: «Cotéjense en Bluteau las acepciones de *geito* (o *jeyto*) con las de *engeitar* y se palpará lo que digo. Las de *engeitar* todas vienen de *jacio*, v.g.: *engeitado*, *rejectus*, niño expósito o *ejectus*, etc. Luego, las acepciones de *geito* (o *jeyto*) han de ir a parar a *jacio*, *jactum*; y a mi no me hacen fuerza las acepciones que le da el Camoens mientras no se me pruebe que Camoens sabía el origen y la etimología de las voces portuguesas; sabía, hablaba, pronunciaba, coordinaba en Sintáxis y disponía en metro el vulgar portugués, y todo bien; pero para introducir nuevas aplicaciones de la voz *geito* (o *jeyto*) debía saber el origen de esa voz» (Frei Martín Sarmiento, *Colección de voces y frases gallegas*, Salamanca, Universidad de Salamanca, 1970, p. 424. Edición y estudio de José Luis Pensado).
3. Frei Martín Sarmiento, *Obras posthumas del Rmo. P. M. Fr. Martín Sarmiento benedictino. Tomo primero: Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles dadas a la luz por el Monasterio de S. Martín de Madrid, y dedicadas al Excmo. Sr. Duque de Medina-Sidonia*, Madrid, 1775. Ed. facsímil: Lugo, Alvarellos, 1988. Reed.: Buenos Aires, Emecé Editores, 1942.
4. Sarmiento non oculta este asombro, como se pode observar nas seguintes palabras súas: «Lella toda en un Códice manuscrito; y tiene de extensión dos pliegos de imprenta. No la vi impresa hasta ahora; ni aun tengo noticia que lo esté. Y así, por ser curiosa para aquellos siglos, y porque contiene algunas noticias singulares, que no he leído en otro Autor, las pondré con sus palabras formales» (Sarmiento, *Obras posthumas...*, parág. 356, p. 149).
5. Sarmiento, *Obras posthumas...*, parág. 370, pp. 154-155.
6. Sarmiento, *Obras posthumas...*, parág. 683, p. 309. O frade beneditino indicará sobre este Nobiliario do Conde D. Pedro noutro momento: «El Conde D. Pedro, hijo del Rey D. Dionysio, murió el año de 1347. Escribió un Nobiliario, que es el mas antiguo que acá tenemos en este género, y que imprimió Manuel de Faria y Sousa, con notas varias» (Sarmiento, *Obras posthumas...*, parág. 469, p. 204).
7. Sarmiento, *Obras posthumas...*, parágs. 684-685, pp. 309-310. Confróntese o que Sarmiento recolle coa cita *Integra* de Faria e Sousa que se incúe no capítulo «Vida del Poeta» da súa edición comentada de *Os Lusladas*: «Era Luís de Camões Cavallero por sangre, de la ilustre de los Reynos de Galicia, i Portugal. Desta manera, tradiciones, i constante fama publican, que entre Noya, i tierra de Barcala, i Soneyra, fue el solar de la familia de los Caamaños, señores de diez y siete pueblos, o feligresías (como dizen las memorias manuscritas) en que todavía permanece el nombre de Caamañelas; i que por las ocasiones de aquellos tiempos (particularizan-

Xosé Manuel Dasilva

do que un señor desta Casa mató un Cavallero de la de Castros) vino ella en dismision, por ser forçoso ausentarse, como lo hizo, passandose a vivir en una casa fuerte llamada Rubianes, que tenfa de la otra parte de un braço de mar, que llaman Ria de Aroça, adonde desde entonçes permanece esta familia, siempre con lustre de su primero estado, aunque deminuydo, porque con la mudança, i las causas referidas, i otras, se perdieron aquellas tierras que tenfan de la otra parte. I consta mas, que aviendo sucedido esto avrà trecientos, aun oy se conservan casas con este apellido, como son las de los señores de Nebra, i Romelle, i la de Rubianes, que es oy el solar, i mayorazgo entre Pontevedra, i Villa Garcia, de cuyos señores con sucesion continuada consta por testamentos, i escrituras autenticas desde el año 1402, empeçando en Rui Fernandez de Caamaño, i se fue dilatando hasta oy, emparentada siempre con familias ilustres de Galicia, i de Castilla, i produziendo personas de singulares partes, ocupando muchos honrados puestos. Refierelo mas largamente el Doctor Juan Salgado de Araujo, Abad de las Iglesias de Pera, diligente investigador de las Casas de Galicia, en el libro que tiene compuesto dellas. Esto allá. En Portugal tiene principio la familia deste apellido (con alguna corrupcion, pues dezimos Camoens) en Vasco Perez de Camões, que desde Galicia passó a servir al Rey don Fernando de Portugal, el año 1370, por ventura obligado de las mismas causas que obligaron su gente á perder aquel primer señorío, i passarse a Rubianes» (parág. IV).

8. Sarmiento, *Obras posthumas...*, parágs. 686-687, pp. 310-311.
9. En conexión coa satisfacción antes referida, que ten como indubidable motivo a orixe entre nós de Camões, débese apuntar que Sarmiento aínda se ha vangloriar da posibilidade de que Vasco Pérez de Camoens fose, amais de poeta en lingua portuguesa, poeta en lingua galega: «No sé qué Poesías compuso el dicho Vasco, ni en qué lengua. Creible es que el Marqués de Santillana las leyese en aquel Cancionero de su abuela, y del qual se dió noticia en el número 369, y que aún se conserven en el rincon de algun Archivo. Y siendo Gallego ese Poeta Vasco, y subsistiendo aún entonçes la práctica de versificar en el dialecto de Galicia, es muy verisimil que la mayor parte de sus Poesías estuviesen en Gallego, sin negar que tambien haria otras en el dialecto Portugués» (Sarmiento, *Obras posthumas...*, parág. 687, pp. 310-311).
10. Frei Martín Sarmiento, *Viaje a Galicia (1745)*, Salamanca, Universidad de Salamanca, 1975. Edición y estudio por José Luis Pensado.
11. Sarmiento, *Viaje a Galicia (1745)*, p. 139.
12. Frei Martín Sarmiento, *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, 2 vols., A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1999. Edición y estudio de José Luis Pensado.
13. Sobre a cronoloxía desta obra, Pensado anota que o amanuense da Col. Dávila di que se comezou en 1757 e se rematou en 1762. Non obstante, o propio Pensado puntualiza que quizais se escribise, case na súa totalidade, en 1758 (Sarmiento, *Onomástico etimológico...*, p. 14 e p. 16).

*O padre Sarmiento e a estirpe galega do poeta lusada Camões*

14. Sarmiento, *Onomástico etimológico...*, parágs. 635-636, pp. 182-183. Segundo é posible constatar na cita transcrita, foi unha preocupación de Sarmiento chamar a atención tamén para as orixes galegas do navegante portugués Fernão de Magalhães. Hai outra páxina do noso erudito, neste caso dos *Escritos geográficos*, na que se tenta fixar a procedencia de Magalhães nunha aldeíña de Poio, aludindo, ao mesmo tempo, á liñaxe camoniana: «En la misma cercanía del Poyo ay una aldeita llamada *Magallanes*. Esto no lo saben todos, porque solo consta de un instrumento antiguo que he leído. Otros avran leído en el Nobiliario, manuscrito, de Galicia, de *Porreño*, que la familia de *Magallanes* era de las vezindades de Pontevedra. No es esto querer apropiarse a aquel país el famoso *Fernando de Magallanes*, que así su apellido como el, se suponen de Portugal. Pero si yo supiese de cierto, que en Portugal no avia lugar alguno llamado *Magallanes*, y muy anterior al lugar de *Magallanes* de Galicia, no hallaria dificultad en creer que el dicho *Magallanes*, avia tenido en Galicia su origen; como, segun el testimonio de autores portugueses, le han tenido del mismo País los *Camoés* famosos de Portugal, y entre ellos el famoso *Camoés* poeta. Todo lo que se probabiliza con las Historias de que la poblacion de Portugal, despues de los moros, caminò de Galicia al medio día, y no la de Galicia del medio día al Norte» (Frei Martín Sarmiento, *Escritos geográficos*, Santiago de Compostela, 1996, parág. 31, p. 96. Edición y estudio preliminar de José Luis Pensado).
15. Sarmiento, *Onomástico etimológico...*, parág. 637, p. 183.
16. Sarmiento, *Onomástico etimológico...*, parág. 516, pp. 155-156.
17. Sarmiento, *Onomástico etimológico...*, parágs. 628-629, p. 181.
18. Frei Martín Sarmiento, *Noticia de la verdadera patria (Alcalá) de el Miguel de Cervantes de Fray Martín Sarmiento*, Xunta de Galicia, Servicio Central de Publicaciones, 1987. Edición y estudio crítico de José Luis Pensado.
19. Sarmiento, *Noticia de la verdadera...*, parág. 213, pp. 134-135. A fonte de Duarte Nunes de Leão aducida é, segundo se desprende da lectura dos parágs. 207 e 209, a *Crónica* dedicada ao reinado de D. Fernando de Portugal. Concretamente no último destes dous parágrafos, Sarmiento relata, seguindo a mesma fonte, cómo Vasco Pérez de Camões chegou a Portugal desde Galicia: «El mismo Rey Don Fernando, en virtud de lo dicho, entrò pacificamente en Galicia, y llegó a la Coruña. Allí Juan Fernández de Andeyro, que segun el folio 191, *era à mais honrado do lugar*, le besò la mano, en compañía de otros; y se pasó a Portugal. Al mismo tiempo se pasaron otros muchos cavalleros gallegos, a los cuales heredò el Rey en Portugal. Y entre ellos a Vasco Perez de Camoes, y à otros muchos señores de *Galicia*, que cuenta Duarte Nuñez; y a otros que no cuenta. Despues el Maestre de Avis, Juan 1º armò de cavalleros por si mismo a muchos de los que avian pasado à Portugal; y los armò, antes de entrar en la *Batalla de Aljubarrota*» (Sarmiento, *Noticia de la verdadera...*, parág. 209, p. 133). É preciso observar, neste fragmento, que Sarmiento procura desmentir, como causa que levaría a

Xosé Manuel Dasilva

Vasco Pérez de Camoens a Portugal, a pendencia que Faria e Sousa indicara na súa edición de *Os Lustadas*. Para Sarmiento, efectivamente, o traslado do antepasado de Camões sería pacífico, máis que violento, fuxindo do rei castelán Enrique de Trastámara, logo da derrota de D. Pedro, na compañía do rei portugués D. Fernando, inimigo daquel, o que viña anular, en definitiva, toda mácula na limpeza da distinguida liñaxe galega de Vasco Pérez de Camoens.

20. Sarmiento, *Noticia de la verdadera...*, párag. 214, p. 135.
21. Sarmiento, *Noticia de la verdadera...*, párag. 215, p. 135.
22. Sarmiento, *Noticia de la verdadera...*, párag. 220, p. 137.
23. Vid. Xosé Filgueira Valverde, «Un inédito de fray Martín Sarmiento sobre los ascendientes gallegos de Camoens», en *La ascendencia pontevedresa de Camoens*, Pontevedra, Imp. Hogar Provincial, 1968, pp. XXIII-XXVII.
24. Xosé Filgueira Valverde, «La oriundez pontevedresa de Camões», *Diario de Pontevedra*, 31 decembro 1924; 3 xaneiro 1925. Vid. tamén os seguintes estudos seus: «No solar galego dos Camões», *O Primeiro de Janeiro*, 10 xuño 1953; *Ainda sobre o nome e a ascendência dos Camões*, Separata de Bracara Augusta, XXXIV, 77, 1980; «A ave dos Camoens», en *Segundo Adral*, Sada - A Coruña, Edicións do Castro, 1981, pp. 48-51.
25. Xosé Filgueira Valverde, *Camoens*, Barcelona, Editorial Labor, 1958; hai unha segunda edición publicada en Madrid, Editora Nacional, 1975, e unha terceira edición publicada en Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1993; editado en portugués co título *Camões*, Coimbra, Livraria Almedina, 1981.
26. O título íntegro desta obra é o seguinte: *Obra de 660 pliegos del Rmo. Padre Sarmiento, Fray Martín Sarmiento, Benedictino, que trata de Historia Natural, y de todo genero de erudicion, con motivo de un papel que parece se habia publicado por los Abogados de la Coruña, contra los Foros y Tierras, que poseen en Galicia los Benedictinos. Y lo escribió en Madrid por los Años de 1762 y siguientes*. Xamais dado ao prelo, existen tres fontes coñecidas nas que o texto se inclúe en forma manuscrita: Col. Medina Sidonia, custodiada no Arquivo Ducal da Casa Medina Sidonia, en Sanlúcar de Barrameda, e parcialmente no Museo de Pontevedra; Col. Dávila, conservada na Biblioteca Nacional de Madrid; Col. Los Heros, gardada na Real Academia de la Historia. O manuscrito utilizado para o presente traballo é o citado en segundo lugar, moi probablemente un tanto afastado da pureza que adoito se lle atribúe á Col. Medina Sidonia, a máis próxima á escrita orixinal do frade beneditino. A pesar diso, débese consignar que, á falta dun cotexo entre os manuscritos dos 660 pliegos da Col. Dávila e da Col. Medina Sidonia, non parece que as posibles diverxencias textuais existentes sexan, para este estudo, relevantes, xa que o máis probable é que as discrepancias de natureza estritamente semántica, a propósito das reflexións camonianas de Sarmiento, constitúan unha cantidade mínima. É por iso polo que, no contexto da presente análise, se lle asigna ao



*O padre Sarmiento e a estirpe galega do poeta lustada Camões*

- manuscrito dos 660 *pliegos* da Col. Dávila un Índice de fidedignidade aceptable, feitas as aclaracións previas.
27. Antolín López Peláez, *El gran gallego*, A Coruña, Andrés Martínez, 1895.
  28. López Peláez, *El gran...*, p. 191. Noutra obra posterior, neste caso *Los escritos da Sarmiento y el siglo de Feijoo*, Antolín López Peláez hase facer eco, moi concisamente, da lectura crítica á que Sarmiento somete *Os Lustadas*. Vid. Antolín López Peláez, *Los escritos da Sarmiento y el siglo de Feijoo*, A Coruña, Andrés Martínez, 1901, pp. 312-313.
  29. Vid. José Adriano de Freitas Carvalho, «Frei Martín Sarmiento, O.S.B. e *Os Lustadas*», *Arquivos do Centro Cultural Português*, XVI, 1981, pp. 345-358.
  30. Vid. Nicolás Extremera Tapia, «A fortuna nas Letras Espanholas de um Verso de *Os Lustadas*», en Leodegário A. de Azevedo Filho, ed., *I Congresso Internacional de Estudos Camonianos*, Rio de Janeiro, UERJ/SBLL, 1998, pp. 195-217; «Los gallegos en *Os Lustadas* y la crítica española», en Basilio Losada: *Ensinar a pensar con liberdade e risco*, Barcelona, Publicacions de la Universitat de Barcelona, 2000, pp. 350-364.
  31. Velaquí o porqué de onde safu esta obra: «El interés de Sarmiento por las cuestiones económicas y políticas aparecen en varias obras suyas, y especialmente en la *Obra de los 660 Pliegos*, redactada a partir de 1762. Emprendió esta obra a petición de los superiores de la orden benedictina, a quienes inquietaba un memorial preparado por unos abogados de La Coruña para hacer obstáculo a que los monasterios de Galicia ejerciesen o intentasen recobrar su directo dominio en las tierras que habían aforado anteriormente. De paso, y para una más amplia comprensión de todos los aspectos de la cuestión, se deja llevar de su afición a las digresiones [...]» (Michel Dubuis, «En torno a unas reflexiones de Fr. Martín Sarmiento acerca de la despoblación de España», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXVII, 1972, pp. 123-124).
  32. Canto aos criterios de edición das citas procedentes da obra *660 pliegos*, é pertinente aclarar que se optou por modernizar a ortografía e por non conservar as abreviaturas, os subliñados e os usos arbitrarios das maiúsculas.
  33. Véxase a exposición de Sarmiento sobre o particular: «Es cierto, como ya dije en otra parte, que el año de 1370 salió de Galicia para Portugal el caballero Vasco Perez de Camoes, o por el acaso de un homicidio, como quiere, y no prueba, Faria, o siguiendo la Historia, porque quiso imitar a otros muchos caballeros gallegos y castellanos que, por no querer reconocer por rey a Enrique 2º, se pasaron a Portugal, a servir a D. Fernando, el cual se había entrado por Galicia hasta La Coruña no como enemigo, sino como rey que todos le aclamaban tal. Era tan noble Vasco Camoes que ese rey D. Fernando le heredó grandemente en Portugal. Era de los Camafios, entre Pontevedra y Villa García, como dice Faria en la vida del Camoes. De quien fuese hijo no consta, dice Faria, del dicho Vasco Perez de

Xosé Manuel Dasilva

---

Camoes, y fija en que el año de 1402 vivía Rui Fernández de Camaño, o Camoes. Yo he leído en el archivo del Monasterio del Poyo un instrumento latino, del año de 1270, 100 años antes que Vasco Camoes saliese de Galicia. Dice así el pergamino: *ego Ferdinandus Ruderici de Camoes, filius, quondam Ruderici Petri* [...]. Y este texto da mucha antigüedad a los Camaños, sin ficciones de genealogistas, y de zurcidores de abuelos. El año de 1270 vivía Fernando Ruiz de Camoes, y dice que era hijo de Rui Pérez de Camoes, que ya había muerto. El año de 1402 vivía Rui Fernández Camaño, camonense, o camoes. Luego por la suposición muy admitida que los nietos llevaban el mismo nombre que el abuelo, ese Rui Fernandez Camoes era nieto de otro Rui Camoes, y este, nieto de otro Rui Camoes, que es el Rudericus Petri citado. Y este corresponde haber vivido en tiempo de D. Alfonso el de León. Si esto no determina las filiaciones, determina con evidencia la antigüedad y nobleza de Vasco Perez de Camoes, que se pasó a Portugal. Gándara llama Vasco Fernandez, que es error, y le hace hijo de Fernando García de Camaño. En sus Armas de Galicia pone otras voluntariedades, que no son del caso, para el poeta Camoes. Pero algo hace; sí es verdad lo que dicen los portugueses que los camoesos y camoesas son fruta de injerto, que inventó uno de la familia de los Camaños o camoeses en Galicia» (parágs. 4983-4985). É conveniente atender a cómo Sarmiento, outra vez, tenta refutar a afirmación de Faria e Sousa acerca de que Vasco Pérez de Camoens tivese que fuxir a Portugal, en lugar de por vontade propia, por causa dunha pendencia.

34. Vid. Augusto Epifânio da Silva Dias, 1ª ed., *Os Lusadas de Camões*, 3ª ed., Ministério da Educação e Cultura, 1972, p. 217.